

# PLAN LECTOR

## IES RAFAEL PUGA RAMÓN



### DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO

NOME: IES RAFAEL PUGA RAMÓN


DIRECCIÓN: Leopoldo Alas Clarín, Nº 4, C.P. 15008 A Coruña

TELÉFONO: 981231545

PÁXINA WEB: <http://www.iespugaramon.com>

*El gusto por la lectura se transmite como se transmite el interés por una película: contándola bien. Hay que hechizar, y por eso son tan importantes los maestros, porque son los encargados de desplegar el hechizo.*

*JUAN MARSÉ*



# INTRODUCIÓN




## Fundamentación legal

En cumprimento da Lei Orgánica 2/2006 de Educación e da súa concreción para a Comunidade Autónoma de Galicia no Decreto 133/2007 do 5 de xullo (DOG 13/07/07), este Proxecto Lector de Centro tenta conseguir que o alumnado do noso instituto, ao remate dos seus estudos, posúa as competencias lingüísticas necesarias para o seu desenvolvimento persoal e profesional.

Pero, máis aló dunha xustificación legal, o Plan de Lectura responde á necesidade obxectiva de incentivar a lectura entre o noso alumnado, por ser unha ferramenta indispensable ao longo da súa vida.

# INTRODUCCIÓN



## Xustificación



O proxecto Lector está estreitamente relacionado con todas as **competencias básicas** do currículo, especialmente coa competencia en comunicación lingüística, pero tamén co tratamento da información e competencia dixital, competencia cultural e artística e competencia para aprender a aprender; porque promove:

- O fomento da lectura.
- O desenvolvemento da lectura comprensiva de forma continuada e progresiva.
- A lectura de todo tipo de textos (literarios, expositivos, publicitarios...), en soporte impreso ou dixital.
- A educación en información, empregando as tecnoloxías da comunicación e da información.

# CONTEXTUALIZACIÓN



## Centro

O Ies Rafael Puga Ramón é un centro público, dependente da Deputación de A Coruña. Atópase nun barrio urbano, entre a Estación de Tren e a de Autobuses. Trátase dunha zona que nos últimos anos está a experimentar cambios importantes pola construcción de novas vivendas e o conseguinte aumento de poboación. O nivel socioeconómico da meirande parte das familias corresponderse co da clase media.



# CONTEXTUALIZACIÓN



## Alumnado



Conta con preto de 400 alumnos que estudan Educación Secundaria e Bacharelato.

A competencia lectora do alumnado é, en liñas xerais, boa; pero, os profesores temos detectado deficiencias en canto a expresión oral, comprensión lectora e expresión escrita. Tamén constatamos que os nosos alumnos len pouco e que aínda non deron o salto definitivo para se converter en lectores activos. Por iso, estamos a traballar nun Proxecto que nos levará máis dun ano.

# CONTEXTUALIZACIÓN

## Profesorado

As concepcións sobre a lectura e os métodos e actitudes cara a mesma son moi variados entre os profesores, pero todos están implicados no fomento do hábito lector no alumnado. Ademais, están convencidos de que a lectura comprensiva non é tarefa exclusiva das áreas de lingua xa que a todos afecta o feito de que os alumnos comprendan as explicacións e o significado dos textos escritos.

O principal problema co que nos atopamos áchase na falta de estímulos positivos que reforcen o gusto pola lectura. Ler como acto lúdico e enriquecedor non se leva, xa que os obstáculos que hai que vencer (comprensión, vocabulario, motivación...) para enfrentarse ás páxinas dun libro non compensan.

O noso traballo durante este curso consistirá, basicamente en desenvolver actividades co obxectivo de crear hábito lector e fomentar o gusto pola lectura. Tamén queremos dedicar os nosos esforzos a dinamizar a biblioteca escolar e a pór en marcha a biblioteca de aula no primeiro ciclo.



# ACCIÓNS REALIZADAS ATA O MOMENTO



Para levar a cabo este proxecto, non partimos de cero. O noso centro realizou nos últimos anos accións encamiñadas a fomentar a lectura e a dinamizar a biblioteca.

Destacamos, entre outras moitas, as seguintes:

- Adquisición para a Biblioteca dun número elevado de exemplares de libros de literatura xuvenil (de aventuras, ficción, misterio...) e de cómics.
  - Adquisición dun número suficiente de dicionarios de Lingua Castelá para que poidan ser levados ás bibliotecas de aula.
  - Participación nos programas *Radio en Ruta* e *O País dos Estudantes*.
  - Visitas a bibliotecas públicas para coñecer o seu funcionamento.
  - Participación nas actividades para estudiantes organizadas pola biblioteca do Centro Cívico dos Mallos.
  - Asistencia a representacións teatrais, concertos e exposicións guiadas.
  - Organización de exposicións dos traballos realizados polo alumnado en diversas materias.
  - Presenza constante da animación á lectura nas aulas e na web do instituto (<http://www.iespugaramon.com>).
- (...)

# ORGANIZACIÓN DO CENTRO PARA LEVAR A CABO O PLAN



O Plan Lector será impulsado polo **Equipo Directivo** e posto en práctica polo profesorado das distintas áreas. O profesor de Apoio establecerá estratexias e actividades para os alumnos con problemas específicos de comprensión lectora. (NEE)

A **Comisión de Coordinación Pedagólica** supervisará o proxecto que será aprobado polo Consello Escolar e polo Claustro de profesores.

A **encargada do proxecto** coordinará todas as súas actuacións a través da Comisión de Coordinación Pedagónica. As actividades serán presentadas alí para facelas chegar aos **Departamentos Didácticos** e, desde eles, a todo o profesorado. Ao mesmo tempo, nas reunións de tutores exporanse as actividades que deban ser traballadas desde as titorías.

Por outra banda, precisase un grupo de traballo para dinamizar a biblioteca. Téntase conseguir unha biblioteca moderna e atractiva, que non dea as costas á revolución tecnolóxica nin ligue o concepto de lectura a un soporte concreto. Pretendemos que sexa un espazo para o achegamento da lectura de textos literarios e informativos, en formato impreso, audiovisual ou multimedia.

# ANÁLISE DA BIBLIOTECA I



A Biblioteca do noso Centro está situada no 2º piso. Conta con oito computadores de uso xeral e dous destinados aos traballos propios de organización da Biblioteca. Existen andeis pouco prácticos e que se prevén insuficientes nun futuro próximo.

Dúas profesoras do instituto dedican parte do seu horario a tarefas de biblioteca. Elas son as encargadas da catalogación e do servizo de préstamo. Tamén levan a cabo actividades de formación de usuarios e fomento da lectura.

Os **recursos** cos que conta a biblioteca son fundamentalmente libros (literatura infantil e xuvenil, enciclopedias, diccionarios e mapas), aínda que tamén existen fondos noutros formatos (CD e cintas de vídeo). Os fondos foron rexistrados por orde de recepción no Centro, facendo extremadamente penosa a procura de calquera exemplar para o seu uso na sala.



# ANÁLISE DA BIBLIOTECA II




En canto ao seu **funcionamento**, só nos recreos é utilizada polos alumnos, séndollese imposible facelo noutros momentos, xa que os seus horarios non o permiten. Durante os recreos, os alumnos utilizan a Biblioteca como sala de estudio, e con carácter excepcional, como sala de lectura. Ademais, son moi escasas as solicitudes de libros para préstamos.

Logo da avaliación da Biblioteca no relativo a instalacións, fondos, servizos prestados e actividade pedagóxica, chegamos á conclusión de que sería conveniente levar a cabo algunas reformas.



# ANÁLISE DA BIBLIOTECA III



## Necesidades



- Precísase unha persoa máis, con dedicación horaria, na biblioteca; sobre todo, para levar a cabo tarefas relacionadas coa lectura: boletíns de novedades e recomendacións, concursos, exposicións...
- Existen fondos repartidos por todo o instituto, cuxa xestión habería que centralizar para facer un uso óptimo dos mesmos.
- Creación dunha hemeroteca con mobles para xornais e revistas.
- Redistribución de zonas e mobiliario adecuado que se adapte ao novo espazo de aprendizaxe e lectura.
- Información sobre a Biblioteca e difusión dos servizos que presta e dos fondos que contén a través da web e por medio de carteis, boletíns e taboleiros informativos.
- Adquisición de fondos en distintos soportes. Ao longo deste curso mercáronse máis de 300 libros para todos os niveis e tamén un número elevado de películas que resultan especialmente atractivas aos adolescentes.

# OBXECTIVOS XERAIS I



## Intencións

Desde o instituto queremos facer unha reflexión e unha análise de como traballamos a lectura, e propoñémonos levar a cabo un Plan Lector que inclúa un programa interdisciplinar de lecturas, a dinamización da biblioteca e actividades de animación lectora.

O noso obxectivo é deseñar un plan establecendo uns criterios comúns para todas as áreas que, despois, hanse adaptar aos distintos Departamentos Didácticos encargados de elaborar obxectivos, estratexias metodolóxicas e actividades concretas de lectura.

Este proxecto pretende ser realista e baseado na tarefa cotiá de profesores e alumnos, máis que nos grandes principios teóricos, aínda que estes sexan tamén necesarios.

# OBXECTIVOS XERAIS II



- Desenvolver e consolidar o hábito lector no alumnado.
- Fomentar o interese pola lectura como alternativa de lecer.
- Desenvolver a competencia comunicativa do alumnado, isto é, mellorar a súa capacidade de comprensión e expresión, oral e escrita.
- Asumir que o fomento da lectura non é responsabilidade exclusiva das áreas de Lingua, senón que é necesaria a participación de todas as áreas do currículo.
- Programar actividades de animación lectora e implicar a todo o profesorado.
- Dinamizar a biblioteca do centro con actividades atractivas para toda a comunidade escolar.
- Implantar de forma xeneralizada as bibliotecas de aula e fomentar o seu uso.
- Trasladar ao ámbito extra-escolar e familiar o interese pola lectura.
- Utilizar os medios informáticos e audiovisuais para desenvolver a lectura e a escritura.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións da contorna.
- Favorecer a normalización e integración dos alumnos con capacidades diversas, propiciando a participación igualitaria nas actividades de fomento de lectura.
- Vincular a lectura de textos escritos con outras lecturas: arte, música, cine, publicidade...




# ACTIVIDADES



*O Plan Lector supón un tratamento sistemático de todas as actividades encamiñadas a promover a lectura no centro*

*Neste primeiro achegamento soamente enumeramos as actividades que propomos, non profundizamos na súa realización*

# ACTIVIDADES PARA TODAS AS ÁREAS



## Algunhas suxestións


- Propor actividades de animación á lectura por cursos e etapas: *películas, teatro, cómics, encontros con autores, contacontos, conferencias, elaboración de xornais ou revistas...*
- Seleccionar lecturas (libros ou fragmentos) para todos os cursos, tendo en conta os diferentes niveis de dificultade no contido e no vocabulario.
- Elaborar actividades de comprensión lectora.
- Empregar todo tipo de textos, en soporte papel ou dixital.
- Aproveitar os recursos da biblioteca do centro e colaborar na posta en marcha das bibliotecas de aula en todos os cursos da ESO.
- En cada aula debe haber un dicionario actualizado de lingua galega e de lingua castelá e, se pode ser, de inglés e francés.
- Compartir estratexias e recursos cos demais departamentos, e actuar conciuentemente, sempre que sexa posible.

CADA **DEPARTAMENTO** INCLÚE NAS SÚAS **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS** ACCIÓNS CONCRETAS REFERIDAS AO FOMENTO DA LECTURA E AO DESENVOLVENTO DA COMPRENSIÓN LECTORA.

# ACTIVIDADES DO CURSO 2008-2009




## PRIMEIRO TRIMESTRE

- **EXPOSICIÓN: RAZÓNS PARA LER** En varios paneis da entrada do instituto expúxeronse as razóns para ler de distintos escritores, profesores e alumnos.



## PRIMEIRO TRIMESTRE

- **CONCURSO DE MARCAPÁXINAS.** Na web do instituto figuran as bases, os premios e os gañadores.




## SEGUNDO TRIMESTRE

- **EXPOSICIÓN: OS LIBROS DA TÚA VIDA** Colocáronse na entrada e na biblioteca expositores con libros de lectura e de texto doutras épocas.

**ENTRADA:** libros de lectura e cómics doutras épocas



# BIBLIOTECA: libros de texto doutras épocas






## SEGUNDO TRIMESTRE

### ■ CONCURSO DE LECTURA (De xaneiro ata abril)



## SEGUNDO TRIMESTRE

- Creáronse **BIBLIOTECAS DE AULA EN 1º E 2º DE ESO**. Os alumnos trouxeron da súa casa libros que xa leran e lles gustaran. O delegado e subdelegado de cada clase encargáronse de actualizar a folla de libros cedidos e a de préstamo.



## SEGUNDO TRIMESTRE

### ■ UNHA SESIÓN DE CONTACONTOS NO SALÓN DE ACTOS.

Un grupo de teatro, “Tropa de Trapo”, puxo en escea unha serie de relatos (CONTOS SEN MEDO sobre a liberdade.






## TERCEIRO TRIMESTRE

### ■ CELEBRACIÓN DO DÍA DO LIBRO (23 de Abril)

O 23 de Abril o instituto converteuse nunha auténtica FESTA DO LIBRO. Ademais das actividades programadas (Biblioteca e Salón de Actos), animouse a lectura nas aulas con xogos, películas...

Durante toda a semana, profesores e alumnos decoraron o instituto con carteis e textos relacionados coa lectura.



## TERCEIRO TRIMESTRE

### ■ CELEBRACIÓN DO DÍA DO LIBRO (23 de Abril)

- Exposición “E TI QUE LES?”, cedida polo IES de Sabón (14-28 de abril). Unha serie de paneis coas fotografías e a recomendación de lecturas feitas por personaxes do mundo da cultura.
- Visitas dos alumnos para realizar ACTIVIDADES sobre a exposición.



## TERCEIRO TRIMESTRE

### ■ CELEBRACIÓN DO DÍA DO LIBRO

- **TALLER LITERARIO OU LECTURA COMENTADA** de *La verdad sobre el caso Savolta* (Eduardo Mendoza) por o Grupo de Lectura da Biblioteca da Deputación. Dirixiuse aos alumnos de 2º Bacharelato. A coordinadora do grupo de lectura deteuse un tempo na explicación de cómo se forma e cómo funciona un club de lectura.

### BIBLIOTECA




## TERCEIRO TRIMESTRE

### ■ CELEBRACIÓN DO DÍA DO LIBRO

#### ■ ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO DE LECTURA

### BIBLIOTECA



## TERCEIRO TRIMES TRE

### ■ CELEBRACIÓN DO DÍA DO LIBRO

- CINE: proxección da película “ERA GON”



SALÓN DE ACTOS



## TERCEIRO TRIMESTRE

### ■ CELEBRACIÓN DO DÍA DO LIBRO

### ■ REPARTO DOS MARCAPÁXINAS GAÑADORES NO CONCURSO

## SALÓN DE ACTOS



## TERCEIRO TRIMESTRE

### ■ CELEBRACIÓN DO DÍA DO LIBRO

- **LECTURAS.** Profesores e alumnos (3º e 4º de ESO) lerón distintos textos no Salón de Actos.



### SALÓN DE ACTOS



## TERCEIRO TRIMESTRE

- CELEBRACIÓN DO DÍA DO LIBRO
- PUBLICACIÓN DO CÓMIC ELABORADO POLOS ALUMNOS DE PLÁSTICA



# METODOLOXÍA I



## Principios básicos

O Plan de Lectura incluirá a toda a comunidade escolar. A metodoloxía para levalo a cabo será práctica, individualizada e interdisciplinar. Partirase da motivación dos alumnos para conseguir que se acheguen á lectura como vía de formación, información e lecer. Teránse en conta tamén as necesidades específicas de cada alumno. A atención aos alumnos con necesidades educativas especiais require unha formulación específica, pero sempre nun marco de integración e normalización co resto do alumnado.

Os espazos e os recursos materiais deben ser o máis variados posibles, desde os clásicos soportes tradicionais ( libro e útiles de escribanía) ata as ferramentas informáticas (páxinas web, libros electrónicos...) más modernas.

# METODOLOXÍA II



## Plan de traballo da coordinadora e dos profesores

O papel de **profesores e profesoras** pódese resumir dicindo que participarán nas actividades de animación lectora do proxecto e realizarán as que figuran nas programacións didácticas dos seus departamentos.

A **coordinadora**, pola súa banda, axustarase á seguinte metodoloxía.

- Analizará a situación de partida sobre as dificultades do alumnado e as características da biblioteca.
- Definirá os obxectivos xerais do Plan que, consensuados e aprobados en Comisión Pedagóxica, pasarán a concretarse en cada Departamento nos obxectivos específicos.
- Determinará as actuacións e actividades que contribuirán á consecución dos obxectivos.
- Periodicamente valorará a oportunidade das actividades para a súa aplicación ou modificación.
- Ao final de curso fará unha análise dos resultados para comprobar ata que punto desenvolvéronse as iniciativas propostas, e elaborará unha **MEMORIA** resumen do traballo realizado.

# METODOLOXÍA III




## Accións desde a Biblioteca I

A biblioteca ha de se converter nun lugar de consulta, información, formación e entretenimento.

Estas son só algunas das actuacións que se deben realizar desde a biblioteca para favorecer o seu uso.

- Organización e catalogación dos fondos cun deseño adaptado aos alumnos.
- Sinalización e rotulación gráfica atractiva de seccións e temas.
- Rexistro informatizado dos materiais.
- Servizo de préstamo a alumnos e profesores, podendo estenderse ao resto da comunidade educativa.
- Creación de follas e boletíns de suxestións ou recomendacións dirixidas a alumnos, profesores e pais.
- Realización de enquisas á comunidade escolar sobre temas relacionados coa biblioteca e a lectura.
- Publicación na web dos fondos da biblioteca, recomendacións de libros, noticias sobre premios literarios...
- Habilitar un panel na biblioteca coas novedades editoriais en literatura xuvenil, cómics, revistas...
- Programar unha visita á biblioteca por parte de cada curso, para dar a coñecer a súa estructuración e as normas de uso.
- Organizar visitas a outras bibliotecas que acheguen novas formas de traballar e potenciar a lectura.
- Préstamo de libros para as bibliotecas de aula.



# METODOLOXÍA III



## Accións desde a Biblioteca II

- Actividades de animación á lectura.
- Realización de concursos (de lectura, marcapáginas...) e certames.
- Decoración e ambientación da biblioteca con letreiros alusivos a un tema concreto.
- Encontro con autores, ilustradores...
- Actividades de contacontos.
- Exposicións de fondos bibliográficos, audiovisuais...
- Celebracións especiais: Día da Biblioteca Escolar (24 de outubro), dos Dereitos Humanos (10 decembro), da Non Violencia e da Paz (30 xaneiro), dos Dereitos da Muller (8 marzo), do Libro, das Letras Galegas (17 de maio)...



# METODOLOXÍA IV



## Metodoloxía para implicar ás familias

Faise imprescindible implicar aos pais e nais dos alumnos no desenvolvemento do plan, por medio da información ( boletíns, follas informativas...) e a participación nalgunhas das actividades (visita ás exposicións, lecturas ao alumnado, formación dun club de lectura...)

As estratexias que se desenvolverán ao longo do próximo curso serán:

- Presentación e información (boletín / folla informativa) nas reunións.
- Distribución de folletos con orientacións acerca da lectura.
- Difusión de listas de libros e lecturas recomendadas.
- Utilización da biblioteca do centro. Pódese facer carné de biblioteca a todos os pais que queiran participar en actividades, e adquirir fondos de interese para eles.



# RECURSOS I

## Recursos humanos



### O profesorado

Os principais axentes destinados a fomentar os hábitos de lectura e escritura son os propios profesores, por iso é importante implicar a todo o claustro nesta tarefa.

O noso centro dispón dun número reducido de profesores, a maior parte deles xa implicados no desenvolvemento dalgún proxecto. Aínda así, o Plan Lector conta co esforzo e dedicación de todo o profesorado; tanto a través da atención lectiva aos grupos de alumnos como implicándose no desenvolvemento e planificación das actividades do plan.

Tamén é imprescindible a colaboración do equipo da biblioteca e dos titores para desenvolver o proxecto.

# RECURSOS II

## Recursos organizativos



### Biblioteca do centro

A biblioteca escolar nutre ao centro educativo de materiais de lectura e é a porta de acceso a múltiples fontes de información. Neste contexto configúrase como centro de recursos e como ferramenta de apoio curricular indispensable para conseguir lectores competentes. Para iso deberá contar cunha boa dotación bibliográfica -documentos impresos e outros soportes-, unha infraestrutura e equipos adecuados, e o persoal necesario para a súa xestión.


### Biblioteca de aula

A biblioteca central deberá abastecer tamén de materiais de lectura ás aulas, de forma permanente ou temporal, para apoiar as dinámicas de traballo que alí se desenvolvan.

### Outros recursos dos que dispón o centro

Non se poden esquecer outros recursos que existen no instituto, como a aula de informática, a de arte e a de idiomas, que encerran un gran potencial para o desenvolvemento de experiencias de lectura e escritura e contan cun alto grao de atracción entre o alumnado.

# RECURSOS III



## Materiais



Ademais de xornais, revistas, libros de lectura, fichas, cuestionarios..., hai que mencionar outros materiais non impresos. A contorna audiovisual presenta unha ampla diversidade de soportes:

- CD musicais, de obras clásicas e contemporáneas.
- CDRom: xogos educativos, contos, enciclopedias...
- DVD: películas, documentais, vídeos musicais...
- Material informático e internet: computadores, pizarras dixitais, fotocopiadora, impresoras e canóns para proxección..

# RECURSOS DE INTERNET



- [http://www.juntadeandalucia.es/averroes/bibliotecaescolar/index.php?option=com\\_frontpage&Itemid=1](http://www.juntadeandalucia.es/averroes/bibliotecaescolar/index.php?option=com_frontpage&Itemid=1)
- [http://www.educared.net/mespana\\_recursos/home\\_12\\_900\\_esp\\_1\\_\\_.html](http://www.educared.net/mespana_recursos/home_12_900_esp_1__.html) (Programa Leer y vivir. Educared)
- <http://www.fundaciongsr.es/> (Fundación Germán Sánchez Ruipérez)
- <http://centros1.pntic.mec.es/cp.miralvalle/paginas/biblioteca/biblioex/biblioex.htm>
- <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>
- <http://web.educastur.princast.es/proyectos/abareque/scripts/mapaweb.php>
- <http://www.educastur.princast.es/recursos/biblioteca/index.php>
- <http://www.pnte.cfnavarra.es/bibliotecasescolares/directorio.html>
- <http://www.plec.es/index.php> (Proyecto de lectura para centros escolares)
- [http://www.educarm.es/admin/webForm.php?ar=173&mode=visualizaAplicacionWeb&aplicacion=FOMENTO\\_LECTURA&web=25&sid=3ba0fe81d8f3275c4aa44b135220c168](http://www.educarm.es/admin/webForm.php?ar=173&mode=visualizaAplicacionWeb&aplicacion=FOMENTO_LECTURA&web=25&sid=3ba0fe81d8f3275c4aa44b135220c168)

# MATERIAL ELABORADO

Curso 2008-2009



Estes son só algúns dos materiais elaborados durante o curso 2008-2009:

- Varios documentos en "power point":
  - Formación da Biblioteca de aula.
  - Os alumnos recomendan...
- Textos e carteis de animación á lectura para decorar o instituto.
- Tríptico de actividades sobre a exposición "E ti que les?".
- Orzamento previsto para o próximo curso.
- Memoria Anual do Plan.



# DIFUSIÓN DO PLAN



O Plan darase a coñecer a todos os sectores da comunidade escolar desde o inicio do próximo curso, de forma directa en reunións ou a través de carteis e folletos explicativos.

O primeiro paso é informar aos profesores do Plan Lector nun claustro. O seguinte paso, a través das titorías -para implicar aos tutores- é informar aos alumnos das intencións e obxectivos do plan, así como das súas actividades, permitindo un primeiro contacto no que poidan demostrar as súas opinións, suxestións ou críticas. Finalmente, implícase ás familias mediante reunións nas que se lles porá ao corrente de todo o que supón este plan de beneficio para os seus fillos, á vez que se lles demandará colaboración e implicación.

# SEGUIMENTO E AVALIACIÓN I



## Criterios e procedementos de avaliación

A avaliación debe propiciar que todos os sectores implicados manifesten as súas opinións e valoracións, a través de enquisas, reunións, etc. Isto servirá para revisar, modificar e reconducir, cando sexa necesario, calquera aspecto que non cumpla satisfactoriamente o seu labor.

O plan deberá ser sometido a unha avaliación permanente e continua no que se valorarán aspectos fundamentais como:

- Consecución dos obxectivos propostos.
- Análise da metodoloxía empregada.
- Valoración do grao de implicación dos membros da comunidade educativa.
- Uso de biblioteca: grao de aceptación das actividades propostas, información ofrecida á comunidade, utilización dos recursos dispoñibles por parte dos usuarios, análise das estatísticas de préstamo...
- Observación das actividades que se vaian realizando para comprobar se a estratexia é a adecuada.
- Análise dos materiais e recursos empregados.
- Logros do alumnado. A avaliación do alumnado ha de ser realizada por todo o profesorado dentro da propia área.

Tamén é importante coñecer os resultados das probas de diagnose que a partir do próximo curso se realizarán no instituto e, ademais, hai que ter en conta que algúns aspectos do plan, como a mellora da competencia lectora do alumnado, só se poden valorar a longo prazo.

# SEGUIMENTO E AVALIACIÓN II



## Periodicidade

A avaliación poderase efectuar en dous momentos:

- Con periodicidade, nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagólica, a coordinadora do Plan recibirá información sobre o desenvolvemento das actividades propostas por áreas e o cumprimento dos obxectivos plantexados.
- Ao final de cada curso farase unha valoración final sobre o desenvolvemento do proxecto no seu conxunto. Isto permitirá propor suxestións de mellora e planificar o traballo para o curso seguinte. Os resultados da devandita avaliación incluiranse na **MEMORIA ANUAL**, coas propostas de cambio consensuadas a partir das necesidades detectadas.

# SEGUIMENTO E AVALIACIÓN III



## Instrumentos

Estes son algúns dos instrumentos que se empregarán para a avaliação do Plan:

- **Informes dos Departamentos** onde se indiquen as actividades desenvolvidas e se valoren os obxectivos alcanzados e os progresos observados nos alumnos.
- **Informe do encargado da Biblioteca** sobre as novas adquisicións, as visitas realizadas polos alumnos a esta dependencia, os préstamos efectuados, as actividades que se levaron a cabo na Biblioteca para fomentar a lectura e as propostas que expón para mellorar este servizo.
- **Cuestionarios** aplicados tanto a alumnos como a profesores en relación cos obxectivos e as actividades deste Plan e o seu grao de implicación.
- O **memoria** elaborada pola coordinadora cando conclúa o curso, que resuma as actuacións levadas a cabo, o grao de consecución dos obxectivos establecidos e as propostas de mellora para o curso seguinte.
- Os **Proxectos Lectores** dos distintos Departamentos.

# FIN

Un bo promotor da lectura non é o que posúe unha gran cantidade de coñecementos e técnicas para ensinar ou animar a lectura, senón aquel que sabe o máis importante:

QUE ENSINAR OU PROMOVER A LECTURA NON  
SIGNIFICA OUTRA COUSA QUE DEIXAR LER

# Gracias